

Uns 300 alumnos de música de ESO e Bacharelato de Galicia tocarán en Narón

Achegado por Administrator
viernes, 18 de mayo do 2012

<http://www.diariodeferrol.com/index.php/periodico-impreso/ferrol/42257-b-noticia>

Uns 300 alumnos de 12 institutos da comunidade galega, entre os que se atopan varios da comarca de Ferrolterra –Ferrol, Narón, Ortigueira, Pontedeume e Ares– e doutras localidades –Sanxenxo, Cambados, Vilalba, Boqueixón, Cambre e A Coruña, reuniranse o vindeiro xoves no Pazo da Cultura de Narón.

Alí terá lugar a primeira edición do Encontro de alumnos, unha actividade promovida pola Asociación de Profesores de Música de Ensino Secundario e Bacharelato de Galicia (Asomusica).